

RÚA ext-cénica

Prazas, xardíns, paseos e outros espazos públicos singulares do concello servirán de escenario para artistas e compañías das máis variadas procedencias e disciplinas: música electrónica, circo, danza contemporánea, teatro de rúa... que intentarán transformar a rúa nun escenario propicio onde provocar a interacción social co público asistente nun ambiente festivo.

Para público familiar e adulto.

Entrada de balde.

Venres
16 de xullo

19.30 horas: SU.MA. *Ikigai*. *Danza e circo*

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

20.30 horas: Marian Ledesma.

Música de contos. Música infantil

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

21.30 horas: The Teta's Van. *Concerto. Música*

Praza do Castelo (Santa Cruz)

Sábado
17 de xullo

12.30 horas: Pedras de cartón. *Quixote. Teatro infantil*

Praza Esther Pita (Santa Cruz)

21.00 horas: Pisando Ovos. *Replay 2.*

Danza contemporánea e música electrónica

Praza afundida (Santa Cristina)

Domingo
18 de xullo

12.30 horas: Wilbur. *Piensa en Wilbur. Circo*

Miradoiro de Santa Ana (Mera)

21.00 horas: Cía. Entremans/Amparo

Cía. Exire e Cía. N+1/*Millor imposible*

Colectivo Glovo/Mapa. *Danza contemporánea*

Parque José Martí (Santa Cristina)



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Deputación
DA CORUÑA



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística

RÚA ext-cénica

V Festival de artes escénicas na rúa

Oleiros, do 16 ao 18
de xullo de 2021



► Venres 16 de xullo

ás 19.30 h: SU.MA/Ikigai (danza + circo).

Dirección: Gonçalo Guerreiro. Elenco: Sue Moreno e María Move. Procedencia: Galicia.

Destinatarias/os: todos os públicos. Duración: 50 minutos.

Sinopse: Espectáculo de danza-circo 360° de medio formato, onde dúas personaxes crean mundos de fantasía. Xogo e imaxinación, acrobacia aérea e voz cantada en directo. O que facemos cos conflitos da vida cotiá e como os resolvemos, poden converter cada momento nunha agradable aventura. Cal é o teu Ikigai?. **Praza Esther Pita (Santa Cruz)**

ás 20.30 h: Marián Ledesma/Música de contos (música infantil)

Elenco: Marián Ledesma (voz) e Iago Mouriño (Piano). Procedencia: Galicia.

Destinatarias/os: infantil e familiar. Duración: 50 minutos.

Sinopse: Preguntáchesse algunha vez por que Dorothy só tiña que chocar os seus zapatos para volver a casa? Ou por que o Lobo sempre está enfadado e famento en todos os contos? Pode un ogro namorarse dunha bruxa?. As respostas, en forma de canción. **Praza Esther Pita (Santa Cruz)**

ás 21.30 h: The Teta's Van (música)

Elenco: Lucre (voz), Ornar (guitarra), Irene (saxo), María (teclado), Pablo (baixo), Lorena (batería).

Procedencia: Galicia. Destinatarias/os: todos os públicos. Duración: 60 minutos

Sinopse: The Teta's Van nace en 2011 coa idea inicial de crear unha banda de mulleres e co obxectivo primordial de dar visibilidade á muller dentro do panorama musical, pero tamén teñen como obxectivo reivindicar a nosa lingua. Aínda que son especialistas en versións, o seu obxectivo é o de divertir transmitindo, reivindicando e loitando contra as inxustizas. **Praza do Castelo (Santa Cruz)**

► Sábado 17 de xullo

ás 12.30 h: Pedras de cartón/Quixote (teatro infantil)

Dirección: Laura Sarasola. Elenco: Juan Rodríguez e Pablo Sánchez. Procedencia: Galicia.

Destinatarias/os: todos os públicos. Duración: 55 minutos

Sinopse: Cunha estética inspirada no pallaso clásico (moi ao estilo Fellini) e en clave de clown, afrontan as escenas máis icónicas da novela, da relación antagónica entre Quixote e o seu escudeiro Sancho. Un Velocípedo no que vai montado Quixote será o noso Rocinante, e un triciclo no que irá montado Sancho será o peculiar Rucio, o asno de Sancho Panza. **Praza Esther Pita (Santa Cruz)**

ás 21.00 h: Pisando Ovos/Replay 2 (danza contemporánea + música electrónica)

Creación: Jas Processor e Rut Balbís (Pisando Ovos) & Julia Laport e Sabela Domínguez (Elahood).

Elenco: Julia Laport, Sabela Domínguez e Jas Processor. Procedencia: Galicia.

Destinatarias/os: todos os públicos. Duración: 25 min peza escénica+ 25 min sesión DJ

Sinopse: Replay son unha serie de encontros coreográficos de Rut Balbís con artistas emerxentes da danza de Galicia nos que convive a danza e a música electrónica co Dj Jas Processor. Nesta ocasión as convidadas serán Julia Laport e Sabela Domínguez da compañía de danza urbana Elahood. **Praza Praza Afundida do paseo marítimo (Santa Cristina)**

V Festival de artes escénicas na Rúa

► Domingo 18 de xullo

ás 12.30 horas: Wilbur/Piensa en Wilbur (circo)

Elenco: Wilbur. Procedencia: Madrid. Destinatarias/os: todos os públicos

Sinopse: Wilbur é un espectáculo cheo de acrobacias, humor e risco, moito risco; o único xeito que Wilbur sabe vivir. Cunha técnica é un físico fóra do común, creará situacións imposibles que deixarán o público atordado. Acompañado dos seus amigos inseparables: *Contractura*, *Tirón* e *Esgazadura* amosarán que as acrobacias non é só un deporte. **Miradoiro de Santa Ana (Mera)**

ás 21.00 h: Cía. Entremans/Amparo • Cía. Exire e Cía. N+1/Millor imposible

• Colectivo Glovo: Mapa (danza contemporánea)

Parque José Martí (Santa Cristina)

• Cía. Entremans/Amparo

Creación, dirección e interpretación: Ana Beatriz

Pérez. Procedencia: Galicia. Destinatarias/os:

todos os públicos. Duración: 17 minutos

Sinopse: Esta peza está inspirada na protagonista da novela La Tribuna da escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán. Arquetipo de liberdade, muller berrando no peito que como moitas outras, non temían levantar a voz e preservar a súa estirpe na defensa dos seus ideais e dereitos. En cada célula da muller contemporánea vive Amparo.

• Cía. Exire e Cía. N+1/Millor imposible

Elenco: Alba Fernández, Estefanía Gómez, Fredi

Muño. Procedencia: Galicia. Destinatarias/os:

todos os públicos. Duración: 20 minutos

Sinopse: Unha peza de danza contemporánea froito da colaboración da Compañía Exire co artista de circo e danza Alfredo Pérez (Cía.N+1). A Cía. Exire traballa as Danzas Urbanas como complemento á súa linguaxe de base, a Danza Contemporánea / Experimental. Valéndose delas enriquecen a súa lingua achegándolle matices de precisión, fragmentación e calidades de movemento diferentes. Alfredo Pérez traballa

moitos aspectos da danza, da interpretación e do circo. A súa experiencia en acrobacia, clown, mimo corporal dramático, etc. combinada e dirixida á Danza Contemporánea será unha achega indispensable neste proceso.

• Colectivo Glovo/ Mapa

Creación e interpretación: Esther Latorre e Hugo

Pereira. Procedencia: Galicia e Portugal. Destina-

tarias/os: todos os públicos. Duración: 15 min

Sinopse: A peza xorde como unha necesidade de investigación de movemento, baseado no mundo dos refuxiados e das fronteiras. Barreiras fronteirizas que, durante séculos, colocamos entre mundos, países e persoas. Esta distancia, real e hipotética, sitúa a ambos intérpretes nunha relación de aproximación e afastamento, de poder e de sublevación, compartindo unha mesma premisa común: a imposibilidade de fronteira con nós mesmos. Esta relación converte o intérprete en rebelde, débil, compasivo, agresivo, obediente e invasivo co outro, dando como resultado unha relación visceral humana. Preguntámonos, que lles pasa aos homes que na violencia sobrepasan o interdicto?